

# 1 Líder

FÚTBOL



## ÚLTIMO PARÓN

O fútbol base provincial, a excepción da División de Honra xuvenil, detense por última vez esta tempada. Á volta chega o treito decisivo, no que estarán en xogo ascensos, permanencias, títulos e demais obxectivos

### » REPORTAXE

#### EMILIO ROSANES

analiza as esixencias dos clubs en materia laboral

Ademais facilita a todo o deporte lucense as directrices a seguir para que todas as entidades deportivas sen ánimo de lucro cumpran coas obrigacións estipuladas | **Contraportada**

### » PROVINCIAL CADETE

#### O SEGUNDO POSTO PONSE AO ROXO VIVO

A expensas do que suceda mañá no encontro aprazado entre Castro e Sarriana, tralo empate da Residencia ante o Polvorín e a vitoria do Ribadeo por 1-0 ante o Sagrado Corazón. Os chairegos, os da Cheda e os mariñaos poden rematar a xornada cun só punto de diferenza

premioslíder<sup>2018</sup>  
fútbol-base lucense

Xa está en marcha a **10ª Edición**. Neste número coñecemos os nomeados ao mellor once cadete Provincial e tamén unha das novidades da próxima Gala, a entrada nas votacións dos colexiados

Clasificacións > Categorías superiores | Autonómicas

XUVENIL D. DE HONRA RESULTADOS
R. Oviedo - TSK Rocos 2-3
Santiago - Llano 2000 2-2
Pontevedra - CD Lugo 2-1

XUVENIL LIGA NACIONAL RESULTADOS
CD Lugo B - Sta. Mariña 2-2
Deportivo B - Pabellón 5-0

XUVENIL GALEGA NORTE RESULTADOS
Orillamar - Betanzos 3-1
AJ Lérez - G. Caranza 1-0

XUVENIL GALEGA SUR RESULTADOS
Barco - Valladares 1-2
Al Lérez - Val Miñor B 1-0

INFANTIL Play-Off Copa RESULTADOS
CD Lugo - Sta. Mariña 0-0
Bergantiños - Pabellón 3-3

INFANTIL Permanencia Norte RESULTADOS
Imperator - R. Ferrol 1-2
Amio - Oza Juvenil 7-1

CLASIFICACIÓNES
Equipo PTS X G E P GF GC
SPORTING GUJÓN 67 28 20 7 1 74 25

CLASIFICACIÓNES
Equipo PTS X G E P GF GC
R.C. CELTA "B" 69 27 22 3 2 82 19

CLASIFICACIÓNES
Equipo PTS X G E P GF GC
C.D. CALASANZ 58 26 19 1 6 63 27

CLASIFICACIÓNES
Equipo PTS X G E P GF GC
E.D. VAL MIÑOR "B" 57 27 18 3 6 66 36

CLASIFICACIÓNES
Equipo PTS X G E P GF GC
E.F. PORTERO 2000 20 9 6 2 1 20 8

CLASIFICACIÓNES
Equipo PTS X G E P GF GC
SANTIAGO 25 9 8 1 0 27 4

PRÓXIMA XORNADA
Sp Gijón - Bansander
R. Santander - L. 2000

PRÓXIMA XORNADA
Pabellón - Sta. Mariña
Conxo - Arosa SC

PRÓXIMA XORNADA
G. Caranza - Betanzos
Santiago B - EF Lalín

PRÓXIMA XORNADA
Val Miñor B - Valladares
Alondras B - Arenteiro

Todas as fotos da xornada na WEB

PRÓXIMA XORNADA
Once C - Imperator
Santiago - Polvorin A

CADETE DIVISIÓN HONRA RESULTADOS
CD Lugo - CD Aroosa 4-2
Deportivo - Pabellón 1-0

CADETE GALEGA NORTE RESULTADOS
San Tirso - X. Oroso 0-0
Ural B - G. Caranza 2-1

CADETE GALEGA SUR RESULTADOS
UD Ourense - S. Mariña 2-2
Marcon - Val Miñor B 4-0

www.liderlugo.es
Todas as fotos da xornada na WEB
Cada martes

INFANTIL Permanencia Sur RESULTADOS
Choco - Alondras 1-1
Coruxo - Villa Marin 3-0

CLASIFICACIÓNES
Equipo PTS X G E P GF GC
R.C. CELTA S.A.D. 76 27 25 1 1 161 12

CLASIFICACIÓNES
Equipo PTS X G E P GF GC
SAN TIRSO S.D. 75 27 24 3 0 95 18

CLASIFICACIÓNES
Equipo PTS X G E P GF GC
R.C. CELTA "B" 75 27 25 0 2 133 12

XUVENIL Copa Previa 1 RESULTADOS
Villalbes B - San Ciprián 4-2
Lourenzá - P. Burela 2-1

CLASIFICACIÓNES
Equipo PTS X G E P GF GC
CD FOZ 13 6 4 1 1 14 12

INFANTIL Copa Previa 1 RESULTADOS
Lourenzá - San Ciprián 10-0
Castro - CD Foz 1-7

XUVENIL Promoción Ascenso RESULTADOS
Palas - Residencia A 2-3
Castro - Ribadeo 1-3

CADETE Promoción Ascenso RESULTADOS
Polvorin A - Residencia A 3-3
Castro - Sarriana Mañá

INFANTIL Promoción Ascenso RESULTADOS
SD Viveiro - Residencia A 1-2
R. Villalbes A - Ribadeo 0-4

XUVENIL Copa Previa 2 RESULTADOS
Ferrovial - Outeiro Apr.
Polvorin A - Residencia B Apr.

CLASIFICACIÓNES
Equipo PTS X G E P GF GC
S.D. MONTERROSO 17 7 5 2 0 19 5

INFANTIL Copa Previa 2 RESULTADOS
Casas - Milagrosa A 8-0
Polvorin B - Sagrado 4-3

CLASIFICACIÓNES
Equipo PTS X G E P GF GC
RESIDENCIA "A" 27 9 9 0 0 41 7

CLASIFICACIÓNES
Equipo PTS X G E P GF GC
S.C.D. MILAGROSA 21 8 7 0 1 36 9

CLASIFICACIÓNES
Equipo PTS X G E P GF GC
RESIDENCIA "A" 27 9 9 0 0 30 6

XUVENIL Copa Previa 3 RESULTADOS
Monterroso - Polvorin B 5-0
Becerreá - Taboada 1-1

CLASIFICACIÓNES
Equipo PTS X G E P GF GC
PALAS C.F. 24 9 8 0 1 37 8

INFANTIL Copa Previa 3 RESULTADOS
Palas - Ferrovial B 1-5
Ribela - Becerreá Apr.

PRÓXIMA XORNADA
Ribadeo - Residencia A
Sagrado - Castro

PRÓXIMA XORNADA
Sarriana - Residencia A
Castro - Sagrado

PRÓXIMA XORNADA
Ribadeo - Residencia A
Pringalla - Villalbes A

PRÓXIMA XORNADA
Taboada - Polvorin B
Quiroga - Monterroso

PRÓXIMA XORNADA
Ferrovial - Becerreá
Polvorin B - At. Abián

PRÓXIMA XORNADA
Becerreá - Ferrovial B
Antas - Palas



# O Rácing mirou aos ollos ao Celta de Vigo

**CHARLY ESTRELOU UN BALÓN NO TRAVESEIRO** e na contra desa xogada os visitantes asinaron o definitivo 0-2 na Magdalena



Cancio medíndose cun rival ante a mirada de Cabado



Anxo controlando o balón ante dous xogadores do Celta

**2**

**XORNADAS PARA O FINAL**  
Ao Rácing Villalbés quédanlle dúas citas por diante, ante o Perines en Santander e a despedida da categoría ante o Rocés na casa

O Rácing Villalbés saíu da Magdalena coa cabeza moi alta tras competir de poder a poder durante todo o encontro ante todo un Celta de Vigo nun escenario único.

Co Estadio Roca moi castigado polas choivas, a Magdalena volveu acoller un encontro da División de



Arbitro: Saúl López Parga Campo: Estadio Magdalena - Vilalba

Honra xuvenil. Todo un derbi galego ante o Celta de Vigo, que se podería pensar que tería a alfombra vermella

unha vez descartado o Roca. Os celestes puidérono pensar incluso unha vez que empezou o encontro, xa que no primeiro minuto inauguraron o marcador tras unha xogada ensaiada á saída dun córner.

Pero tardaron moi pouco en darse conta de que o Villalbés vendería moi cara a derrota. Os de Simón Lamas incomodaron en todo momento a un aspirante ao título de Liga, alternando presión con repliegue. O Celta, dada a súa tremenda calidade individual, daba sensación de perigo.

**OS MELLORES**

- RC VILLALBÉS**
- CHARLY** ⚽ ⚽ ⚽
- CADENAS** ⚽ ⚽
- MOREDA** ⚽

**“Mantivemos o cero a un ata cerca do final, tivemos as nosas opcións ante un rival que compite pola Copa do Rey. Fomos o Rácing competitivo que nos trouxo ata aquí”** SIMÓN LAMAS Villalbés

pero non puido concretar ocasións claras ante Duarte e chegouse ao descanso con cero a un no marcador.

Co paso dos minutos na segunda parte o Villalbés cada vez atopábase máis a gusto no campo, gañando protagonismo con balón en campo rival ata chegar a soñar co empate.

Un soño que estivo a piques de facerse realidade á media hora da segunda parte, con tan só un cuarto de hora por diante. Charly executou unha falta directa ao borde da área e o balón estrelouse no pau cando xa se cantaba o gol na Magdalena. Na contra desa mesma xogada, tralo rexeite do traveseiro, o Celta explotou a súa verticalidade e calidade para asinar o cero a dous á contra.

Cun cuarto de hora por diante o partido foi outro, o Villalbés despediuse dos puntos e o Celta empezou a respirar tras pasar un mal grollo durante unha hora de xogo.



Brais sacando de portería nun encontro disputado na Reigosa

**“Estuvimos imprecisos en la fase de finalización”** Álex Antón CD Lugo



Arbitro: Luis Lois Carro Martínez Campo: Mosteiro - Meis - Pontevedra

# O Lugo tamén caeu ante a gran revelación

**O PONTEVEDRA**, que ascendeu co Villalbés a pasada tempada, é sexto a falta de dúas xornadas

O Lugo foi de menos a máis ante un Pontevedra que, a falta de dúas xornadas para o final da División de Honra xuvenil, xa se gañou a pulso o cartel de equipo revelación da competición.

Os de Álex Antón presentáronse en Meis cos deberes feitos ao ter xa asegurada a permanencia, o que propiciou un exceso de relaxación nos primeiros minutos, nos que se viron superados pola intensidade do Pontevedra.

Froito diso ao cuarto de hora chegou o un a cero, tras un remate de cabeza tras unha falta lateral. A partir de aí o Lugo empezou a espertar en ataque da man de Jesús e Nathan ante un Pontevedra que asumía moitos riscos na saída de balón.

O un a un parecía cuestión de tempo, pero o Pontevedra sorprendeu co dous a cero, un golazo

de Rivera tras conectar un gran golpeo coa zurda desde o borde da área ante o que nada puido facer Brais.

Xa na segunda parte o Lugo fíxose co mando total do encontro, encerrando ao Pontevedra no seu campo, xerando e dispoñendo de claras ocasións de gol. De novo Jesús e pouco despois Brais, tiveron o dous a un nas súas botas nuns vinte minutos da segunda parte moi bos do Lugo.

Ao non recortar distancias os de Álex Antón empezáronse a desesperar, pero o premio, aínda que chegou tarde, chegou. Nathan, como na xornada pasada, foi derrubado nunha internada, nesta ocasión dentro da área, e Rubi foi o encargado de materializar o penalti nun encontro no que a outra nota positiva e destacada púxo Rodri, co seu debut na máxima categoría do fútbol base nacional.



Duarte atallando un balón na área



Gabri defendendo a un xogador rival





Dani Arias, autor do un a cero, medíndose cun rival

# O Lugo B salvou un punto no treito final

**ALEXANDRE** forzou e transformou un penalti no treito final. Os lucenses propuxeron un partido de ida e volta tralo momentáneo un a dous e tiveron recompensa co empate a dous na Fonte



Arbitro: Álvaro Valín, Diego Rodríguez e Javier Digón Campo: A Fonte - Cospeito - Lugo

O Lugo B conseguiu un traballado punto ante o Santa Mariña, nun encontro incómodo para os de Bruno Rodríguez desde os primeiros minutos e no que, tras un cambio de sistema no ecuador da segunda parte, conseguiron rescatar un punto cun penalti forzado e transformado por Álex na recta final.

Ata entón, a primeira parte foi máis do agrado do Santa Mariña, cun fútbol directo cara os

seus dous puntas co que lograron impoñerse nas segundas xogadas e levar a iniciativa en campo rival.

O Lugo B, incómodo coa situación e impreciso co balón, mostrou a súa pegada ao adiantarse no marcador ao bordo da media hora inicial. Tras unha recuperación de Jesús no mediocampo, serviu un balón ao espazo para que Dani Arias explotase as súas cualidades e inaugurou o mar-

**“Saímos a polos tres puntos pero debemos dar por positivo o punto conseguido”** BRUNO RODRÍGUEZ CD Lugo B

## 3 CADETES CONVOCADOS

Dous debutaron, o medio centro Xabi Becerra e o dianteiro Andrés, mentres que o defensa Álex agardará por outra oportunidade para xogar os primeiros minutos na categoría de prata do fútbol base xuvenil

cador cun disparo seco e cruzado.

Pese ao un a cero, o Santa Mariña seguiu máis cómodo no campo e antes do descanso fixo o un a un nunha acción similar á do gol local, tras un roubo no medio e cun disparo cruzado ante Xairo e Sebas dun dianteiro vigués.

Tralo descanso, o Lugo B deu un paso á fronte, minimizando as perdas de balón e xerando perigo

por ambas bandas, con Jesús e Álex moi activos. Con todo, cando mellor estaban os lucenses chegou o un a dous, tras unha nova perda de balón no medio que aproveitou un centrocampista visitante para bater a Sebas cun potente disparo.

Con media hora por diante o Lugo B reaccionou desde o banquiño cun cambio de sistema proposto por Bruno Rodríguez, un 3-2-3-2 co que o partido foi máis de ida e volta e no que se xeraron espazos. A aposta saíu ben, xa que Nassim Reigosa chamaron á porta do empate antes de que o asinase Álex desde o punto de penalti, nun tramo final de encontro no que os dous equipos tiveron ocasións para gañar.



Alexandre, autor do empate a dous, en plena acción ofensiva



Jesús co balón controlado ante un defensa vigüés

# Borrón e conta nova para o Villalbés B

**OS CHAIREGOS VANSE AO PARÓN** tras un mal partido e un mal resultado ante un efectivo Lalín




Martín medíndose con dous defensas do Lalín no Roca

O Rácing Villalbés B caeu con claridade no Manuel Anxo Cortizo ante un Lalín moi efectivo e que dominou con moita claridade nun encontro no que ata tiveron unha innecesaria colaboración arbitral.

O un a cero tardou tan só tres minutos en chegar e fixoo tras un disparo que se ía fóra, pero rebotou en Ángel e terminou no fondo da portaría de Clemente. O gol deulle ás aos locais, mentres que o Villalbés B tan só podía achicar balóns por momentos. Aos poucos os de Iván Lamas conseguiron sacarse de encima o dominio local, pero cando empezaban a asomar en ataque, á media hora de xogo chegou o dous a cero.

O partido practica-



Arbitro: Alejandro Pérez, Daniel Val e Rubén Gareo Campo: Manuel Anxo Cortizo - Lalín

**“Mal sitio para ir xogar e mal día para nós”** IVÁN LAMAS RC Villalbés B

cialmente na parte ofensiva, o Villalbés tan só aguantou dez minutos competindo de poder a poder na segunda parte.

Co terceiro gol o encontro quedou sentenciado por completo, e co catro a cero o Villalbés B deu por perdida unha batalla na que o Lalín fixo sangue ao ampliar a diferenza final ata o definitivo sete a cero co que finalizou o encontro.

Tralo parón, os de Iván Lamas disputarán a primeira final da tempada ante o Victoria B no Roca.


mente terminouse no último minuto da primeira parte. Nunha acción na que Anxo roubou un balón, o árbitro deixou seguir a xogada pero o sinalar falta e tarxeta vermella para o central chairego. Cun xogador menos, con dous a cero no marcador e coa calidade dos xogadores do Lalín, espe-

### OS MELLORES

VILLALBÉS B
CRIS
GABRI
NICO



Germán, autor do gol, nunha disputa con rival I Roi Fdez.



Arbitro: David Pérez, Andrés Lamús e Daniel Ramírez. Campo: Escolapios - Monforte



O lateral Sergi a piques de facer un pase I Roi Fernández

# Germán rescatou un punto entre o diluvio

**O CALASANCIO MERECEU MÁIS** nunha primeira parte que rematou cun inxusto 0-1. Na segunda chegou unha pequena recompensa

**“Salvamos un punto máis que merecido a base de traballo ao longo do partido”** DENIS LÓPEZ, CP Calasancio

O Calasancio tívose que conformar cun punto ante o Ribadumia nun encontro marcado pola choiva na segunda parte, e polo inxusto cero a un co que se chegou ao descanso.

O terreo de xogo aguantou ben ao longo dos primeiros corenta e cinco minutos nos que o Calasancio levou a iniciativa no xogo, dispuxo

de chegadas e sacou un bo número de corners e faltas laterais sen poder concretar ningunha delas.

A ocasión máis clara para os monfortinos na primeira parte foi para Germán, cun gran disparo desde fóra da área que se foi rozando o poste.

A sensación era de superioridade por parte

dos monfortinos, pero cando xa se resignaban a chegar ao descanso co cero a cero inicial, chegou o gol do Ribadumia na súa primeira chegada con perigo aos dominios de Losada.

Tralo descanso a choiva non concedeu tregua e empezou a poñer o campo en moi

mal estado, no que era imposible xogar o balón. Un hándicap que favoreceu aos visitantes, que se replegaron e limitáronse a despxar todo balón que chegaba a tres cuartos de campo propio.

Pese a iso, o Calasancio reaccionou da man de Denis López, ao cambiar o rumbo do encontro metendo no terreo de xogo a Brais e variando o debuxo táctico para terminar incluso xogando con defensa de tres.

A aposta tivo recompensa, e esta asinouna



O monfortino Diego nun lance do encontro I Roi Fdez

1

**CHEGADA, UN GOL** do Ribadumia na primeira metade. Un tanto que chegou practicamente co tempo cumprido nos Escolapios

3

**GOLES DE GERMÁN** esta tempada, este último co aliciente de que evitou unha derrota na casa no treito final do encontro ante o Ribadumia

Germán a pouco máis de cinco minutos para o final nos Escolapios, ao enviar ao fondo das mallas un balón solto tras un rexeite provocado por un disparo de Nico desde fóra da

área. O Calasancio buscou o gol da vitoria ata o asubío final e puido logralo cun disparo de Brais e un remate de Bruno á saída dun córner.

# O orgullo fixo recuperar o pulso ao Viveiro

**A VOLTA Á SENDA DA VITORIA CHEGOU CON ADN CELESTE**



Os xogadores do Viveiro celebrando un gol en Cembedo

O Viveiro reencontrouse cos tres puntos na Liga Galega xuvenil tras impoñerse ao Estrada nun encontro marcado de inicio polas ausencias, pero ao longo dos noventa minutos polo orgullo e o ADN do conxunto que dirixe Antonio Serrano.

Con David Ben e Rolle co primeiro equipo e con Macly lesionado, Uriol volveu poñerse ao servizo do equipo na punta de ataque, mentres que Madhi do xuvenil B e os cadetes Xoel e Juan acudiron á chamada de necesidade do primeiro equipo xuvenil. A primeira parte foi unha toma de contacto na que se impuxo a seriedade, chegando ao descanso co cero a cero inicial e sen apenas ocasións claras de gol. Nos vestiarios o Viveiro mentalizouse para ir a polo partido e fíxoo desde os primeiros minutos da segunda parte. Aos dous de xogo Kaká serviu un bo centro que enviou ao fondo das mallas Uriol, e aos sete minutos da

segunda metade o Viveiro xa gañaba por dous a cero tras culminar Xavi cun disparo seco unha boa contra.

O Estrada volveuse meter no partido logo dun saque de esquina co que asinou o dous a un, pero o



**“Los jugadores dieron una muestra de orgullo muy importante para sacar el encuentro adelante”**  
ANTONIO SERRANO Viveiro

Arbitro: Ángel Polo, David Jiménez e Jose Vale. Campo: O Cembedo - Viveiro

segunda metade o Viveiro xa gañaba por dous a cero tras culminar Xavi cun disparo seco unha boa contra.

O Estrada volveuse meter no partido logo dun saque de esquina co que asinou o dous a un, pero o

Viveiro non tardou en volver marcar, nesta ocasión por medio de Kaká á hora de xogo, e ata se gustou na última media hora na que puido ampliar o marcador final tras dispoñer de varias ocasións claras de gol.





Xabi subindo o balón ante un rival en mediocampo



Carlos tras regatear a un xogador herculino pola banda

# O Lugo volveu á senda da vitoria

**TRAS CATRO PARTIDOS SEN GAÑAR**, impuxéronse ao Areosa cunha gran aportación de todos, especialmente dos xogadores de banquiño

3

**XOGADORES CO XUVENIL**  
Tras disputar este encontro ante o Areosa o sábado pola mañá, Bruno Rodríguez citou a Xabi, Andrés e Alex para xogar ante o Santa Mariña na Liga Nacional xuvenil

O Lugo reencontrouse cos tres puntos na División de Honra cadete tras impoñerse nas Gándaras nun partido no que os cambios dos lucenses mantiveron, e ata lle deron un plus, ao equipo para poñer fin á resistencia dun bo Areosa que non contaba con tanta cali-



dade no seu banquiño. O Lugo tomou moi pronto as rendas do marcador, xa que nada máis empezara David rematou de cabeza o balón ao fondo das mallas.

O Areosa intentou

presionar arriba, pero o Lugo atopou vías para saír co balón xogado e antes do cuarto de hora inicial xa mandaba por dous a cero no marcador tras ampliar a vantaxe Andrés, logo de aproveitar un agasallo defensivo da defensa visitante e plantarse no man a man co porteiro do Areosa, ao que regateou e rematou a porta baleira.

Herrero puido facer o tres a cero antes de que os visitantes recuperasen o pulso no tramo final da primeira parte, chegando ao descanso ata con mellores sensacións que o Lugo tras recortar distancias e chegar ao

**“Estamos moi orgullosos do traballo, como colectivo, de todos os xogadores”**

JOSE MATO CD Lugo

final da con dous a un. Ao pouco de empezar a segunda, aos sete minutos, chegou o empate a dous tras un remate logo dunha falta lateral do Areosa. Co dous a dous no marcador Jose Mato moveu ficha, refrescando cos cambios ao equipo e estes responderon a un gran nivel, mentres que os dos visitantes non aportaron tanto.

Á hora de xogo Xabi volveu poñer por diante ao Lugo ao transformar un penalti sobre Yago. A partir de aí o Areosa foise ao ataque en busca do empate, pero deixou espazos atrás que o Lugo soubo explotar. Nunha desas contras Juan Carlos asistiu e Prol escoldeu o balón e regateou a varios rivais ao bordo da área ata que foi derrubado dentro cun claro penalti que nesta ocasión transformou Yago para sentenciar o encontro co definitivo catro a dous.

Na próxima xornada, que se disputará tralo parón da Semana Santa, os de Jose Mato visitan un dos campos máis complicados da categoría, como é Condomin-guez, onde se medirán co Val Miñor en Nigrán.

**“Escapóusenos unha final nos Escolapios”** CORDAS CP Calasancio



Iker protexendo o balón ante un xogador rival | Dosi

# Iago mantén as constantes vitais do Calasancio

**OS MONFORTINOS** seguen nunha complicada situación a pesar do empate nos últimos minutos

O Calasancio segue na UCI pero mantén as constantes vitais grazas a un gol de Iago a falta de dous minutos para o final co que os monfortinos sumaron un punto que, malia servir de pouco, mantieñen un fío de esperanza para afrontar a recta final da competición tralo parón de Semana Santa.

Os de Cordas terán que facer nas últimas sete xornadas o que non fixeron nas 27 disputadas. Este último encontro estivo marcado polo cero a un aos sete minutos de xogo, polo que unha vez máis o Calasancio tivo que remar contracorrente desde o inicio.

A sensación era de que os monfortinos eran mellores como equipo, pero a situación na táboa pesa e ao

Salgueiriños chegoulle con estar ordenado en defensa e explotar o seu contragolpe para ter baixo control ao Calasancio, nunha primeira parte na que os monfortinos tan só chegaron con perigo nunha acción a balón parado no tramo final.

Tralo descanso o partido cambiou, viuse un fútbol máis directo co que os monfortinos tivo máis presenza en campo rival. Alexandre e Cobo dispuxeron das primeiras ocasións claras, pero a Liga Galega estivo a piques de esfumarse para o Calasancio cun remate ao poste do Salgueiriños tras un córner, mentres que nunha das últimas xogadas do encontro, Iago, cun gran remate no segundo pau, devolveu o pulso ao selar o empate a un final.

**OS MELLORES CALASANCIO**

IAGO	1	2	3
ALEX.	2	2	
ABEL	2		



Prol regateando a un defensa na acción do segundo penalti



Yago iniciando unha contra en mediocampo



Adri López trata de recuperar o coiro

# O Dépor derruba o fortín

**PRIMEIRA DERROTA NA CASA ESTA TEMPADA DUN VIVEIRO** que durante moitas fases do encontro foi superior e mereceu máis premio



**BAIXAS** tivo Luchi para afrontar este encontro no Cemedo. Ángel, Huguito e Bruno non puideron estar por distintos motivos no encontro disputado o pasado venres



Manu Rio co balón ante un rival e o seu compañeiro Juan I P. Losada



Boixet realiza un pase ante a oposición dun contrario I Pepa Losada

**“Resultado injusto por el juego que realizamos ambos conjuntos”** LUCHI Viveiro CF

O Deportivo B conseguiu o que ninguén lograra esta tempada, sumar os tres puntos no Cemedo ante o Viveiro na Liga Galega cadete. Os herculinos fixérono, pero sufrindo ante un Viveiro que mereceu moito máis premio tralo visto ao longo dos oitenta minutos.

Na media hora inicial os de Luchi plasmaron todo o ensaiado ao longo da semana sobre o terreo de xogo. Exerceron unha alta e efectiva presión, obrigando a xogar en longo aos herculinos, polo que practicamente xogouse seguido en campo visitante.

Manu Rio estreloou un balón no poste tras regatear ao porteiro do Dépor, xusto antes de que os

branquiazuis inaugurasen o marcador na súa primeira ocasión, tras un saque en longo do porteiro, unha prolongación e un gran remate, imparabile para Egoitz.

Ao descanso chegouse co inxusto cero a un, pero a crueldade aínda foi maior ao comezo da segunda parte, xa que Manu Rio volveu dispoñer dunha clara ocasión, pero de novo tras esta acción a contundencia do Deportivo B foi demoledora ao levar o marcador ata o cero a dous, outra vez nunha acción que naceu nun saque de portería visitante.

Luchi quixo ir a por o partido metendo máis xogadores ofensivos no terreo de xogo, pero o Viveiro perdeu o control e o

Deportivo B fixo un fútbol control ata que se atopou co excesivo e avultado cero a tres ao culminar

unha contra no último minuto, cando os celestes estaban envorcados en busca do un a dous.

**Ao Rácing, que saíu vivo da primeira parte, faltoulle fortuna na segunda**

**O VILLALBÉS** suma dúas derrotas seguidas e agota os comodíns



Goles: Vitor David e Rubén polo Estrada. Arbitro: Arturo Diaz Álvarez

**“Tiramos la primera parte y cuando quisimos reaccionar ya fue tarde para poder sacar algo positivo”**

CHOLAS RC Villalbés

O parón ligueiro chégalle nun bo momento ao Rácing Villalbés,

**OS MELLORES RC VILLALBÉS**

<b>DIEGO</b>	2	2	2
<b>GABRIEL</b>	2	2	
<b>ABEL</b>	2		

xa que os de Cholas necesitan resetearse para afrontar o tramo final da tempada.

no que terán dous finais no Roca ante Victoria B e Bertamiráns.

A saída a Estrada presentábase complicada, pero aínda máis o foi trala discreta primeira parte dos racinguistas. O Villalbés non estivo cómodo ao longo duns primeiros corenta minutos nos que o mellor foi sen dúbida o axustado un a cero co que se chegou ao descanso.

Nos vestiarios Cholas conseguiu reactivar ao seu equipo, e na segunda parte viuse unha mellor versión do Rácing, dispoñendo de ocasións para empatar, pero o que acertou foi o Estrada en dúas accións canto menos estrañas. O dous a cero tras un penalti máis que discutido e o terceiro cun autogol ao intentar despear un centro lateral.



Goles: Jonhy polo Conxo; Samu, Javi, Manu, Brian e Jorge polo CD Lugo B. Arbitro: Óscar Martínez Santos

# Remontada solvente

**TRALO 1-0 DO CONXO,** o Lugo B cumpriu coa lóxica en Santiago



Os xogadores do Lugo B celebrando un gol esta tempada na casa

O Lugo B reencontrouse cos tres puntos a domicilio tras impoñerse a un Conxo moi necesitado e que empezou gañado cun gol aos sete minutos.

Desde o principio as formulacións foron claras, cos lucenses apropiándose da posesión do balón ante un rival relegado e que esperaba algún erro para asomarse en ataque. O plan, de

inicio, saíulle redondo ao Conxo, xa que ao pouco de empezar aproveitaron unha mala cesión da defensa lucense a Demetrio coa que inauguraron o marcador.

O Lugo B mostrou carácter e compostura, xa que non variou a folia de ruta marcada ao verse por detrás no marcador e continuou tendo a posesión, xerou

espazos por fóra e chegou con claridade e continuidade a tres cuartos de campo rival.

Aos quince minutos Manu devolveu as táboas ao marcador tras un saque de esquina. Brian á media hora, logo dunha xogada individual, fixo o un a dous, e antes do descanso Javi aproveitou o rexeite dun córner para levar o marcador ata o un

**“La tranquilidad que tuvo el equipo tras el uno a cero nos dio el control del partido”**

IVÁN ALONSO CD Lugo B

a tres ao final da primeira parte.

Tralo paso polos vestiarios o Conxo intentou exprimir as súas opcións de puntuar cunha intensa posta en escena, pero o Lugo B mostrouse sólido e sen fisuras ademais de poñer terra polo medio no marcador co un a catro aos seis minutos, ao rematar Samu un centro de Rosón.

A partir de aí o Conxo baixou os brazos e o partido tivo menos intensidade, pero aínda quedaba unha alegría máis para o Lugo B neste encontro, e foi tralo debut do xogador en idade infantil Jorge, que ademais foi o encargado de pechar o marcador co definitivo un a cinco



# Nesta ocasión, cunha soa parte foi suficiente



Xael Irimia en plena disputa con varios xogadores | **Roi Fernández**



Adrián a piques de controlar o balón ante dous defensas | **Roi Fdez.**

<b>CALASANCIO</b>	<b>3</b>	<b>0</b>	<b>VERÍN</b>
-------------------	----------	----------	--------------

Goles: Nodar, Xael Irimia e Alex.

Arbitro: Ramón Sánchez Óscar Cabañas e José Luis Quiroga Campo: O Escolapios

O Calasancio quedouse con tres puntos vitais nos Escolapios ante o Verín nun partido no que os de Fontal estiveron a un gran nivel na primeira parte e

deixáronse levar na segunda, tal vez pensando xa na próxima final que xogará ante o Rápido de Bouzas tralo parón da próxima fin de semana.

**“Despues de una buena primera parte no podemos bajar tanto la intensidad en la segunda. No debemos conformarnos con hacer lo mínimo”**

**CARLOS FONTAL** CP Calasancio

Os primeiros corenta minutos foron un monólogo local, con ocasións claras de gol desde o inicio e levando o marcador ata o tres a cero ao descanso.

Álex fixo o un a cero tras un saque de banda longo que prolongou David, mentres que o dous a cero correu a cargo de Nodar ao rematar unha falta lateral colgada á área.

Ao fio do descanso Xael Irimia sentenciou completamente

o encontro ao marcar a porteira baleira tras un pase de Alex, que se plantou no man a man co porteiro visitante tras un bo pase interior de Adrián.

Tralo descanso ao Calasancio custoulle volver coller o ritmo ante un rival que non inquietou en ningún momento a Moledo, brillando a nivel defensivo da man de Nico pero sen intensidade para atacar e ampliar a vantaxe.

**OS MELLORES**

<b>CALASANCIO</b>
<b>NICO</b> ⚡ ⚡ ⚡
<b>DAVID</b> ⚡ ⚡
<b>VILA</b> ⚡

## Terceiro empate consecutivo dun Lugo que segue polo bo camiño

**8-1** fora o resultado da primeira volta co Santa Mariña

<b>CD LUGO</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>STA. MARIÑA</b>
----------------	----------	----------	--------------------

Incidencias: Encontro disputado no Campo Municipal Rodríguez Lago  
Arbitro: Alejandro Ferrero Méndez

**“Defensivamente o traballo de todo o equipo foi excepcional. A nivel ofensivo, condicionounos non materializar as ocasións que xeramos”**

**BRAIS PRADOS** CD Lugo

O Lugo sumou a súa terceira xornada consecutiva puntuando na Copa Galicia infantil tras igualar ante un Santa Mariña que no partido de ida lle endosara aos lucenses un contundente oito a un.

Este encontro foi totalmente distinto, xa que o Lugo demostrou que sabe aprender dos erros e variou a formulación respecto ao partido disputado en Vigo. Brais Prados fortaleceu a zaga situando ao equipo en replique, algo que non se esperaba un Santa Mariña que teriminou optando polo fútbol directo ante a solvencia defensiva local.

Na primeira parte apenas houbo ocasións de gol, pero na segunda o encontro abriuse moito máis, especialmente para o Lugo, que tivo máis presenza en campo contrario e xerou as ocasións máis claras do encontro.

Jorge foi o máis incisivo xerando e finalizando, pero sen o premio do gol, mentres que defensivamente o traballo do Lugo continuou sendo moi bo, de aí ao cero a cero co que terminou o encontro.

<b>EF POLVORÍN</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>VICTORIA</b>
--------------------	----------	----------	-----------------

Goles: Gonzalo polo Victoria  
Arbitro: Alejandro Vázquez Méndez.

O Polvorín segue facendo méritos para recoller máis froitos en forma de puntos dos que ten, pero a recompensa chegará se os de Caballero seguen por este camiño. Ante o Victoria, un dos mellores equipos que pasou esta tempada por Montirón, os lucenses tiveron opcións de puntuar

**OS MELLORES**

<b>POLVORÍN</b>
<b>JUANMA</b> ⚡ ⚡ ⚡
<b>CONDE</b> ⚡ ⚡
<b>JAVI</b> ⚡

# Un Polvorín competitivo

**BOA IMAXE DOS DE CABALLERO ANTE UN GRAN VICTORIA**

**“Partido muy igualado en el que tuvimos nuestras opciones para poder puntuar”**

**CABALLERO** Polvorín

ata o asubio final.

O Polvorín acusou o temperano gol dos herculinos, que chegado tras unha acción na que faltou contundencia defensiva antes do cuarto de hora inicial. A partir de aí os de Montirón tiveron que remar contracorrente ante un rival con moita calidade e que escondeu o balón ao longo

dos primeiros corenta minutos.

No descanso Caballero cambiou o rumbo do partido cun sistema que funcionou, pasando a un 4-1-4-1 co que o Polvorín tivo máis presenza con balón en campo rival. David estivo



O punta amarelo Ignacio nunha acción de ataque dos de Montirón

a piques de rematar un centro de Javi, e Juanma, cun disparo desde fóra da área, tamén acariño o empate a un.

Xa na recta final o Polvorín, con defensa de tres e xogando directo, buscou o premio do gol ata o asubio final, pero atopouse cunha versión do Victoria moi

sólida defensivamente e que mantivo a diferenza pola mínima ata o final do encontro.

Tralo parón o Polvorín viaxará a Santiago para medirse co líder invitado desta fase, que suma cinco vitorias consecutivas e tan só cedeu un empate nas oito xornadas que disputou.






- A partir desta publicación, cada adestrador e cada capitán ou por consenso de equipo votarán a tres porteiros, tres defensas, tres medios, tres dianteiros e tres adestradores con cinco, tres e un punto respectivamente, sen poder votar a xogadores dos seus propios equipos.
- As listas dos mellores equipos de categoría Cadete provincial publicaranse, xunto con todos os votos que efectúen os diferentes adestradores e capitáns, o próximo día 23 de abril no Líder.
- As votacións faranse públicas no Líder, e os que teñan máis votos en cada liña configurarán o mellor once Cadete Provincial da tempada nun sistema de xogo 1-3-4-3.
- Os nomeados para o mellor once inicial de cada categoría son elixidos polos propios adestradores de cada equipo.

ÁRBITROS




● Os elixidos para as nominacións en cada categoría son facilitados polo colexio de árbitros. Unha vez seleccionados, cada adestrador votará con 10,7,5,3 e 1 punto aos cinco que considere oportunos. Do recuento final sairá o mellor árbitro de cada categoría. En caso de empate o elixido será o colexiado que asubiará máis encontros esta tempada

ADESTRADORES



PORTEIROS



DEFENSAS



MEDIOS



DIANTEIROS





# O Polvorín enche de emoción o Provincial

**TRAS EMPATAR COA RESIDENCIA NUN PARTIDAZO** comprime a loita polo segundo posto á marxe do que faga mañá o Castro

EF POLVORÍN	3	3	SDC RESIDENCIA
Goles: Coque, Javi e Diego			Goles: Martín Bena (2) e Martín Iglesias
Arbitro: Daniel Gómez Liz      Campo: Municipal do Polvorín - Lugo			

## OS MELLORES

EF POLVORÍN	RESIDENCIA
ALEX A. ⚽ ⚽ ⚽	MARTÍN B. ⚽ ⚽ ⚽
JAVI P. ⚽ ⚽	MARTÍN I. ⚽ ⚽
Diego T. ⚽	CONDE ⚽

O Polvorín encheu de emoción a loita polo Provincial cadete e, en especial, polo segundo posto que dá acceso á fase de ascenso á Liga Galega.

Un posto ao que, tralo empate da Residencia en Montirón, optan con forzas da Cheda, Ribadeo e un Castro que, si gaña mañá á Sarriana, terminará a xornada empatado a puntos coa Residencia e a un de distancia dos mariñaos.

O encontro foi frenético desde o primeiro ao último

**“Gran partido de fútbol en el que cualquiera de los dos equipos pudo ganar”**

CABALLERO EF Polvorín

minuto, xa que no un de xogo o Polvorín aproveitou un despiste defensivo no saque de medio da Residencia para inaugurar o marcador por medio de Diego Torres.

A partir de aí o intercambio de golpes foi continuo ata chegar ao descanso con empate a dous, tras asinar Martín Bena o un a un cunha xogada individual. O dous a un foi obra de Javi Porral cun golazo, e ao fio do descanso de novo Martín Bena fixo o dous a dous.

Xa na segunda parte a Residencia levou un pouco máis a iniciativa, e co dous a tres de Martín Iglesias a

**“No solo con jugar bien es suficiente para sumar los tres puntos”**

ADRIÁN SUÁREZ Residencia

# 3

## EQUIPOS POR UN POSTO

Se a Milagrosa gaña o aprazado co Sagrado Corazón, despegará na táboa, mentres que polo segundo posto unha vitoria do Castro mañá ante a Sarriana deixaría aos chairegos, Residencia e Ribadeo nun só punto de diferencia

cinco minutos para o final, poñía rumbo fixo cara aos tres puntos. Con todo, no último instante apareceu Coque para devolver as táboas ao marcador co definitivo empate a tres tras un partidazo en Montirón.



Martín e o branquiazul Ángel disputan o coiro ante Michi



Javi Porral e Conde tratan de chegar a un balón



Javi Jacob, da Resi, entre os amarelos Michi e Coque

## Neira mantén o rumbo fixo da Milagrosa cara o título Provincial



Xoel Álvarez a piques de superar a presión de Gabi e Kevin

MILAGROSA	5
Xabi ⚽ ⚽ ⚽	Iker Peña
Nair ⚽ ⚽	Fran
Manu	Bruno
Fran	Gabriel
Xoel A.	Adrián
Diego	Kevin
Andrés	Diego F. ⚽ ⚽ ⚽
Roi	Santi
Xoel R.	Álvaro
Marco	Marcos
Neira	Javi
David	Samuel
Buide	Iker G.
Galo	Aarón
Xandre	

Goles: Diego, Roi e Neira (3) pola Milagrosa

Arbitro: Alberto Lago Barreiro

A Milagrosa segue mostrándose sen fisuras e facendo méritos para alzarse co Provincial cadete tras impoñerse ao Xove Lago por cinco goles a un cun hat trick de Neira, que foi un quebradizo de cabeza para a

defensa mariñá, asinando dous goles e dando a asistencia do outro a Diego nunha primeira parte que finalizou con tres a un no Luis López Gorgoso.

Nada máis empezar a segunda parte chegou o catro a un por medio de



Fran despexa a pelota ante a presentaza de Javi

**“Tenemos que aprender a competir en este tipo de partidos y ante rivales como este”**

IRAVEDRA Xove Lago

Roi, co que o encontro quedou completamente visto para sentenza a expensas de que volvese aparecer Neira, e o punta fixoo para pechar o marcador co cinco a un final.

# 3

**GOLES DE NEIRA** e unha asistencia do punta capitalino, que xa suma 9 nos seis partidos que disputou no Provincial cadete, cunha media de gol e medio por encontro

## Samuel mete de cheo ao Ribadeo na loita pola segunda praza



Diego trata de chegar a un balón seguido por del Viso

SD RIBADEO	1
Christian	Marcos Sanfiz
More ⚽ ⚽	Eliseo ⚽ ⚽ ⚽
Hugo	Xoán
Borja	Jonhny R. ⚽ ⚽
Javi Peña	Losada
Adrián	Aarón
Del Viso	Eder
García	Samuel
Javi Pérez	Jonhny L.
Samuel	Adri
Casanova	Iago
Diego	Nico
Julían	Duan
Miguel	Álvaro
Kei	Pablo
Castañal	

Goles: Samuel polo Ribadeo.

Arbitro: Luis David Martínez Vicente

Un solitario gol de Samuel ao fio da media hora inicial deulle os tres puntos ao Ribadeo ante o Sagrado Corazón nun disputado encontro que se xogou no Municipal do Cascabeiro, en San Cosme de Barreiros.

**“Gañamos este partido a base de empuxe e garra”**

SUSO COTO SD Ribadeo

